

Expediente.- 1954/2017

Asunto: Adjudicación contrato de subministro “Vehículo tractor novo e dous apeiros desbrozadoras (unha de arrastre e outra de brazo) con destino á limpeza das infraestruturas rurais municipais”.

DECRETO

Visto o Decreto de Alcaldía nº 2017-0873 de data 27 de novembro polo que se propón, adjudicar o contrato de SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO TRACTOR NOVO E DOUS APEIROS DESBROZADORAS (UNHA DE ARRASTRE E OUTRA DE BRAZO) CON DESTINO Á LIMPEZA DAS INFRAESTRUTURAS RURAIS MUNICIPAIS”, a empresa NOVO AGRO, S.L. con CIF B36365641.

Requirida a empresa con data 27/11/2017, a documentación sinalada na cláusula 22ª dos pregos de cláusulas administrativas que rexían a contratación.

Visto que a empresa NOVO AGRO, S.L. con data 1/12/2017 (RX nº.:2017-E-RC-7110), presentou a documentación requirida.

Visto o informe favorable de intervención de data 1 de decembro de 2017 sobre fiscalización da adjudicación do contrato de subministro dun vehículo tractor novo e dous apeiros desbrozadoras (unha de arrastre e outra de brazo).

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP), que recolle nos seus artigos 173.f) e 177.2 a posibilidade de adjudicar directamente contratos menores de suministro por importe inferior a 60.000 euros (IVE excluído)

Considerando as atribucións que me confire a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP),

RESOLVO

PRIMEIRO: Avocar, de acordo co previsto no artigo 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, para este caso a atribución delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto 256/2015 de de 22 de xuño de 2015, en materia de contratacións por importe superior a 50.000 euros (IVE excluído), por necesidade de celeridade na tramitación do procedemento.

SEGUNDO: Aprobar a adjudicación DEFINITIVA do contrato de subministro dun VEHÍCULO TRACTOR NOVO E DOUS APEIROS DESBROZADORAS (UNHA DE ARRASTRE E OUTRA DE BRAZO) CON DESTINO Á LIMPEZA DAS INFRAESTRUTURAS RURAIS MUNICIPAIS”, a empresa NOVO AGRO, S.L. con CIF B36365641, por importe de 106.177,50 € (87.750,00 € sen IVE, 18.427,50 € IVE)

TERCEIRO: Que se dispoña o gasto con cargo a aplicación correspondente do orzamento vixente de gastos.

CUARTO: Notificar aos candidatos ou licitadores a adjudicación, e publicarse simultaneamente no perfil de contratante. Dita notificación deberá conter toda a información necesaria para permitir ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación.

QUINTO: Que lle notifique ao adxudicatario este acordo, sinalando unha data para a formalización do contrato que deberá realizarse no prazo de quince días hábiles. Simultaneamente coa sinatura do contrato, deberá asinar, polo adxudicatario a oferta técnica formulada por el na licitación do contrato. Deberá publicarse no perfil do contratante e no BOP un anuncio de formalización do contrato.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE